

As comparsas, que teñen como eixo común **AS DIFERENTES EXPRESIÓNS ARTÍSTICAS**, serán as seguintes:

E.I. Música Rock

1º E.P. A pintura de Dalí

2º E.P. O cinema (Dirección)

3º E.P. A arte do MIMO

4º E.P. a música nunha BANDA

5º E.P. O mundo do GRAFFITI

6º E.P. O cinema (Filmes)

Especialistas PELIQUEIROS

BOA FESTA!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!



**Estades todos e todas
convidados e convidadas**

Para o venres día 17 de febreiro levaremos a cabo a seguinte programación:

12:00h. Desfile

Faremos o tradicional PASARRÚAS pola urbanización Acea de Ama.

13:00h. Sorteio **LOTES PRODUCTOS ENTROIDO**

13:15h. Queima do meco

Queimaremos o MECO, símbolo do entroido, no patio do colexio.

13:25h. Baile de Entroido

Para non rematar o entroido con mal sabor de boca, haberá un pequeno baile libre no patio cuberto.

13:45h. Fin de festa

-Recordarase aos asistentes ao pasarrúas que para a tranquilidade de todos e todas non se deben traer máscaras que impidan ver a cara.

-Durante o percorrido os familiares deben colocarse detrás das cintas de sinalización (cando as houbera) e non misturados co alumnado.

-Convén recordar que as fotos, videos... deben facerse sen interrompir o pasarrúas.



EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

EQUIPO DE BIBLIOTECA ESCOLAR

O Entroido (tamén chamado Antroido ou Introido, entre outras denominacións), é ademais unha celebración de longa tradición popular, sobre todo na provincia de Ourense. Hoxe goza de moi boa saúde, aínda que algúns ritos e peculiaridades perdéronse e outros estean en proceso de recuperación. Non hai que esquecer que Galicia foi unha das poucas rexións de España que continuou celebrando o entroido a pesar da prohibición.

Hoxe a importancia do Entroido é tal que oito entroidos galegos exhiben con orgullo a cualificación oficial de "Festa de Interese Turístico". Hai máis de 175 municipios de Galicia que declararon festivo o Luns ou Martes de Entroido ou o Mércores de Cinza. Unha celebración ao grande á que calquera pode unirse.

Iso si, convén ir disfrazado... do que sexa! Aquí o que se valora é o espírito participativo e as ganas de divertirse. Sen disface córrese o risco de sufrir uns golpes de fusta; de que lle boten fariña ou formigas vivas; ou de ter que convidar a unha rolda. É a lei!

Hai tamén outra lei que se cumpre a machada: a dos **banquetes gastronómicos**. Porque en Galicia o Entroido acompáñase sempre dunha boa mesa. Unha cociña de succulentos pratos, perfecta para reparar forzas, que ten como protagonista ao porco e de acompañantes ás patacas, os grelos e os garavanzos.

De sobremesa, "filloas", "orellas", "bica..."



En Galicia hai nove entroidos que teñen recoñecemento de interese turístico:

Un é Festa de Interese Turístico Internacional: o Entroido de Xinzo de Limia (coas pantallas)

Outro é Festa de Interese Turístico Nacional: o Entroido de Verín (cos cigarróns).

Sete delas teñen o recoñecemento de Festas de Galicia de Interese Turístico:

o Entroido de Cobres (coas damas e os galáns),

o Entroido de Laza (co seu peliqueiros),

o Entroido de Viana do Bolo (no que o personaxe central é o boteiro).

o Folión Tradicional do Entroido de Manzaneda (coas mázcaras).

o Xenerais do Ulla

o Entroido de Maceda (cos felos)

o Entroido de Vilariño de Conso

